

FOXO DO LOBO DA PORTELA DAS TRAVESAS




LOCALIZACIÓN: Lugar: Portela das Travesas Parroquia: Campo Concello: Covelo Xeozona: Serra do Suído Provincia: Pontevedra	COORDENADAS UTM X: 553.084 Y: 4.686.187 CARTOGRAFÍA: Mapa Topográfico Nacional de España. Folla 224-1 (Barcia de Mera) Escala 1:25.000
---	--

SITUACIÓN:

O foxo da Portela das Travesas ubícase nas inmediacións de Pena Aranda, no límite xeográfico entre as Parroquias de A Laxe (concello de Fornelos de Montes) e Campo (concello de Covelo), dividido polo cordal montañoso da Serra do Faro, na provincia de Pontevedra. Nesta serra fórmanse multitude de nacentes que fluen cara ao Oitaven na vertente norte e cara o Tea na vertente sur, creando brañas e espazos moi húmidos que na primavera-verán son aproveitados polos pigureiros para trasladar o gando en réxime extensivo, aproveitando os pastos frescos dos humedais. O foxo pecha polo leste este amplo espazo gandeiro adaptándose axeitadamente á topografía do terreo. O topónimo do lugar ven determinado polo foxo (Portela das Travesas), onde as travesas fai referencia ás sebes da trampa. A súa antigüidade exacta no se

pode precisar, pero o feito de darlle nome ao lugar, pode determinar unha gran lonxevidade do elemento.



ACCESOS:

Situándonos na estrada comarcal C-531 que vai de A Cañiza a Ponte Caldelas, á altura da parroquia de Maceira, crúzase o río Tea e atópase un desvío por unha estrada local a Fofe, Campo e A Graña. Na parroquia de Campo, pasado o Outeiro,

parte un camiño á esquerda chamado: Camiño de Campos de Barcia de Mera, polo que se accede directamente ao foxo logo de 6 kilómetros.

DESCRIPCIÓN:

Presenta un estado de conservación medianamente bo, cunha alta porcentaxe en pe dos muros que converxen no buraco e co pozo moi degradado polo derrume do mesmo e a súa colmatación con vexetación. Presenta unha particularidade técnica inédita ata o momento en todo o Noroeste Peninsular, como é a converxencia nun mesmo pozo de tres paredes. Coa terceira parede, péchase outra vagoada, facendo a mesma función que un foxo de dobre converxencia pero cun só buraco.

Está situado a 900 m de altitude e presenta un desnivel suave no espazo onde se desenvolve o derradeiro acto da batida do lobo.



Converxencia das tres paredes no foxo

A parede leste mide 126 m e está bastante deteriorada, non conservando ningunha das capeas que recubrían a parte superior dos muros. Na parte máis cercana ao pozo esta desfeita, xa que foi desmontada para pechar o curral de gando posterior. A parede central mide 63 m, sendo a mellor conservada das tres, con picos que superan os dous metros de altura. O muro oeste mide 107 m, sendo o peor conservado dos tres, xa que é atravesado polo regato provocando unha continua erosión do mesmo. Os tres muros presentan o mesmo sistema construtivo, con pedras ciclópeas na base

e pequenas lousas recibidas en seco que se distribuen linealmente ata alcanzar a altura precisa. Teñen unha anchura media de 60-70 cm.



Inicio da parede central coa vista das dúas convergencias e detalle construtivo da parede central

O pozo, que tería un diámetro medio de 7 m, esta moi destruído e alterado, polo que non se pode precisar o seu sistema construtivo nin o seu modo de recepción final do lobo, se por boqueiro alintelado ou paso estreito. Ademáis, está cuberto cunha densa capa vexetal de silvas, uces, fentos e codesos.




Buraco do foxo moi deteriorado e cuberto de vexetación

O espazo da batida, non se limita ao lugar onde comezan as paredes do foxo, xa que a parede central adósase ao afloramento rochoso central e a parede oeste adósase ao afloramento que a xeito de cordal pecha a vagoada por este punto, incrementando o espazo final da batida.


Non se conservan estruturas de pedra asociadas a esta trampa, coa funcionalidade de postos de espera de cazadores para abatir aos lobos que lograsen evadir o foxo.

Podemos constatar pola documentación histórica analizada que durante a celebración da batidas, os muros prolongaríanse cun cordón humano quedando desa forma cuberta calquera vía de escape para o lobo. Do mesmo xeito, os outeiros próximos á zona do desenlace final da batida, estarían ben limpos e cubertos polas voces, coa función de acotar o espazo da batida, dar voces para guiar aos monteiros e avisalos de calquera incidente que poidera frustrar o obxectivo final da cacería.



O foxo da Portela das Travesas, empregouse ata a metade do século XX, habendo memoria oral da caza de dous lobos no ano 1942. Foi utilizado ao longo dos anos polas parroquias situadas ao redor de Pena Aranda: Campo, Fofe, A Graña, Laxe e Maceira, que desenvolveron ao longo da Idade Media grandes batidas ludico-festivas co propósito de acabar cos lobos que perxudicaban ao seu gando. Estas batidas nas que podían participar máis de 200 persoas eran consideradas polo veciños como un gran día de festa, coa participación de gaiteiros e foliósns.

A continuación represéntase sobredimensionado sobre unha fotografía o desenlace final dunha batida do lobo. En puntos roxos o foxo do lobo situado na portela, co buraco na parte inferior da vagoada e pechando os dous pasos da Portela das Travesas. Os macacos azuis representan as voces que estarían estratexicamente colocadas polo Monteiro Maior nos outeiros para dirixir a batida. Os macacos verdes representan a prolongación do muro leste do foxo para impedir que o lobo escapase por esa ala da trampa. Finalmente as frechas vermellas representan o sentido da batida, onde os lobos entrarían no recinto interior do foxo perseguidos polo tropel da montería.





Como complemento etnográfico ao foxo do lobo da Portela das Travesas, ubícase neste espazo o Curral da Portela das Travesas, empregado en técnicas de pastoreo tradicional. Nestes pastos de altura construíanse uns cercados de planta irregular e variable feitos con cachotería en seco, de media altura, que logo se recubrían con pólas que ao secar se poñían duras e afiadas, aseguradas con pedras para darlle máis consistencia defensiva ao tempo que impedían a saída do gando. Neles gardábase o

rabaño pola noite para protexelo do lobo. Para entrar e saír tiñan unha portela pequena que se pechaba por dentro con fortes lousas ou madeiros. As súas medidas variaban entre 1,70 e 2 metros de altura, cun grosor duns 0,90 metros, acollendo espazos de entre os 250 e os 750 m². En Asturias chamábanse corradas ou corros, en León corros e curriellos, na Galicia curros e currais. Do mesmo xeito, para dar cobixo temporal aos pastores, formaba parte do propio peche unha chavola, unha cabana, un chozo ou unha pequena palloza, xeralmente circulares, cubertos cun laxeado de xisto, pedra ou ramas e terróns, mentres que noutros existía unha gran cabana central, cabanona, cabanón ou palloza, con cama e lareira, cuberta con teito de escoba ou palla de centeo, que tiña a mesma finalidade: lugar de protección e descanso dos pigureiros pola noite, quedando de vixiante o can para alertar da presenza do lobo.

Praticaban o tradicional sistema da veceira, constituído por un gran rabaño de cabras e ovellas que se pastoreaban na serra á quenda. O rabaño podía ser comunitario ou de varios individuos, distribuíndose os turnos ao seu coidado, segundo o volume de cabezas de cada veciño. Deste xeito conseguíase unha involucración de toda a aldea no coidado do gando e garantíase unha presenza continua do mesmo na serra desde a primaveira ata o outono, incidindo na mellora da calidade da carne. Os pigureiros ao coidado da veceira, durmían na cabana situada no interior do curral, perimetrado cunha cerca de pedra de un metro de altura para o confinamento nocturno do rabaño.

DESCRIPCIÓN:

O curral destinado ao acobillamento nocturno do gando abrangue unha área de 4.400 m², e aproveita as propias paredes do foxo do lobo para acotar o espazo polo noroeste. Polo lado sur, complementábase cun muro moi deteriorado que tería medio metro de altura.

Na esquina leste do curral sitúase o chozo circular de 5'70 m de diámetro e grosos muros de 80 centímetros, onde durmían os pastores. É unha construción tradicional, composta por un espazo circular adicado a dormitorio e un porche de entrada adicado a lareira, ambos coa porta alintelada cunha pedra lateiriza. Para a súa construción, combina pedras irregulares con laixas planas que se distribúen linealmente para rematar nun teito de falsa cúpula, recuberto con terróns para aillar a construción do calor e do frío.



Chozo e curral da Portela das Travesas